

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 26 de xaneiro de 2006, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, celebrada o día 19 de decembro de 2005.
3. Contratos e convenios.
4. Licencias e comisións de servizos.
5. Proposta de Programas oficiais de Posgrao da Universidade da Coruña para a convocatoria 2005.
6. Adhesión da Universidade da Coruña á Declaración de Berlín sobre acceso aberto ao coñecemento.
7. Programa de promoción do PDI habilitado.
8. Medidas incentivadoras da xubilación voluntaria dos membros dos corpos docentes da Universidade da Coruña.
9. Prazas de profesorado.
10. Másters, posgraos e cursos de especialización.
11. Regulamentos internos da Facultade de Socioloxía, E.U. de Enfermería e Podoloxía e do Dpto. de Análise Económica e Administración de Empresas. Corrección de erro no Regulamento do Departamento de Matemáticas.
12. Rolda aberta de intervencións.

A documentación completa relativa aos puntos 2, 3 e 5 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Xeral Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria a documentación relativa aos puntos 3 (relación de convenios), 4, 5 (proposta), 6, 7, 8, 9, 10 e 11.

Lémbrese aos Sres./as membros do Consello de Goberno que poden aparcar no patio interior da Reitoría mentres dura a sesión.

A Coruña, 19 de xaneiro de 2006

O SECRETARIO XERAL

Asdo. Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO